

Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FORNELOS DE MONTES

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS SECTORES ECONÓMICOS DO MUNICIPIO DE FORNELOS DE MONTES AFECTADOS POLA CRISE DA COVID-19

**BASES E CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS SECTORES ECONÓMICOS
DO MUNICIPIO DE FORNELOS DE MONTES AFECTADOS
POLA CRISE DA COVID-19**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID-19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado e tamén no noso concello, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía e o tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e/ou privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e posteriormente mediante o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, trouxo consigo importantes restricións recollidas nas distintas normativas, tanto estatais como autonómicas, polas que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.

Entre os sectores máis afectados, sen lugar a dúbidas, están o sector da hostalería e o do comercio, afectados pola redución de horarios de apertura e limitacións de aforo, así como polos peches temporais que viñeron impostos a un gran número de negocios; outros, aínda que abertos, viron minguada en gran parte a súa actividade.

O Concello de Fornelos de Montes establece mediante esta proposta unha serie de axudas económicas financiadas co Plan Concellos 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra para paliar, en parte, as perdas sufridas polos sectores económicos (hostalería, comercio, ou similares, sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os perxudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos fixos realizados ou devindicados entre o 14 de marzo de 2020 ata o 21 de outubro de 2021.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de Fornelos de Montes convoca unha liña de axudas.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto da presente convocatoria é paliar a grave situación social e económica á que se enfrontan as pequenas empresas, con ata 10 persoas empregadas, e traballadores autónomos con domicilio social e fiscal en Fornelos de Montes e que resultaron afectados, total ou parcialmente na súa actividade, polas restricións do estado de alarma e as recollidas nas distintas ordes polas que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 dende marzo de 2020, de conformidade coas bases do Plan Concellos da Deputación Provincial de Pontevedra 2021.

O obxectivo é protexer o interese xeral dos cidadáns de Fornelos de Montes, prestando apoio inmediato ás persoas autónomas e empresas citadas para minimizar o inevitable dano económico causado pola crise sanitaria da COVID-19 na economía local e contribuír, unha vez finalizada a alarma sanitaria, á reactivación da economía do Concello de Fornelos de Montes.

SEGUNDA.- NORMATIVA APLICABLE.

Esta convocatoria rexerese polo disposto nas presentes bases reguladoras.

Así mesmo, o marco normativo está constituído polas seguintes leis e disposicións legais e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no citado ámbito:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

- Demais disposicións aplicables e restantes normas de dereito administrativo, respectando en todo caso o establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
- Bases de execución do vixente orzamento municipal.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO E CONTÍA.

O importe destinado a esta convocatoria é de catro mil setecentos dez euros con noventa e sete céntimos (4.710,97 €), ó abeiro da Liña 2, cantidade adicional, do Plan Concellos 2021 da Deputación Provincial de Pontevedra, e realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 439.479 do orzamento do Concello de Fornelos de Montes para o exercicio 2021. Dita asignación orzamentaria será xerada integramente unha vez se teña constancia da resolución da Deputación Provincial de Pontevedra pola cal se conceda a subvención que, a tal fin, será solicitada polo Concello de Fornelos de Montes ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, reparto adicional Liña 2.

O procedemento de outorgamento desta subvención consistirá en dividir o importe do crédito global (4.710,97 €), entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria, establecéndose como importe máximo da subvención a conceder en mil euros (1.000,00 €).

Non se poderá conceder máis dunha subvención a cada solicitante, aínda que teña máis dunha actividade empresarial, profesional ou comercial.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total dos gastos xustificadas nesta convocatoria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvención poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento para a concesión das axudas recollidas nestas bases tramitarase mediante o rateo do orzamento existente entre os solicitantes que cumpran as condicións establecidas, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

QUINTA.- BENEFICIARIOS E REQUISITOS.

Poderán resultar beneficiarias destas axudas as persoas físicas e as persoas xurídicas, así como as comunidades de bens ou sociedades civís, ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que leven a cabo as actividades empresariais que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

- Desenvolver unha actividade económica en situación de alta no Imposto de Actividades Económicas agás aquelas actividades incluídas no epígrafe CNAE 9200. Actividades de xogos de azar e apostas.
- Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, ou na Mutua profesional correspondente e na Axencia Estatal Tributaria no momento da presentación da solicitude.
- Que a actividade sexa desenvolvida por unha persoa física (traballador autónomo) ou unha pequena empresa de ata 10 persoas empregadas.
- Ter, no exercicio 2019, unha facturación anual para os efectos do IVE inferior a un millón de euros.

Cando o solicitante non levara de alta, no ano 2019, os 12 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, a valoración levarase a cabo de xeito proporcional en función do período de actividade.

- Que a actividade económica se exerza no Concello de Fornelos de Montes. Enténdese que a actividade se exerce no Concello de Fornelos de Montes cando o seu domicilio social e fiscal estea situado no termo municipal.
- Que a actividade económica desenvolvida resultase afectada polo peche obrigatorio durante o ano 2020 e/ou 2021 debido as medidas restritivas de protección fronte a Covid-19, tanto de ámbito estatal como autonómico.

Tamén poderán beneficiarse aquelas persoas ou entidades cuxa actividade, non afectada polo peche de establecementos obrigatorio, sufrira unha redución de facturación superior ó 50%, con relación á media do ano 2019.

No caso de non poder realizarse a comparativa por tratarse dunha empresa creada no ano 2020, terase en conta o anterior trimestre do ano 2020, ou aquel de maior facturación ós efectos de acreditar este extremo.

No caso de ser unha empresa creada no ano 2021, a comparativa será entre o mes de maior e o de menor facturación do ano 2021.

- Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos que ademais traballen por conta allea, nin as persoas ou entidades nas que conorra algunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En particular, deben estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Facenda da comunidade autónoma de Galicia (ATRIGA), coa Deputación de Pontevedra e co Concello de Fornelos de Montes no momento de presentación da solicitude e ata a data de pago da subvención.

Non terán a condición de beneficiarios as persoas ou entidades que teñan subvencións pendentes de xustificación co Concello de Fornelos de Montes, unha vez transcorrido o prazo para elo.

- Que dispoña de autorización municipal para o exercicio da actividade.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

SEXTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa ou autónomo realizados e efectivamente pagados entre o 14 de marzo de 2020 e o 21 de outubro de 2021:

- Gastos de aluguer, tanto de bens mobles como inmoables.
- Gastos de subministro de electricidade, gas e teléfono, correspondentes ao local onde se exerza a actividade.
- Gastos de seguros de responsabilidade civil e seguros de accidentes vinculados co exercicio da actividade económica.
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.
- Gastos de cotas de autónomos.
- Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea, excluídas as retencións.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.
- Mantemento de comunicacións: teléfono, internet, correos, mensaxaría.

So serán subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da axuda e que ademais estean efectivamente pagados no momento da presentación da solicitude da subvención.

En virtude do artigo 29.8 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

En ningún caso o importe a percibir superará o importe da xustificación acreditada.

SÉTIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes, presentarase preferentemente por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Fornelos de Montes (<https://fornelos.sedelectronica.gal/>) conforme ao artigo 16 da Lei 39/2015, 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este xeito será obrigatorio para aquelas solicitantes que non sexan persoas físicas.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

1. O prazo para a presentación de solicitudes para participar no presente procedemento será de quince (15) días naturais contados desde o día seguinte hábil ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co art. 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2. A información para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria estará a disposición na web do Concello e na sede electrónica municipal (<https://fornelos.sedelectronica.gal/>).

3. As solicitudes deberán presentarse no modelo de solicitude normalizado para a obtención da subvención que figura como Anexo I destas bases, e que se poderá descargar na páxina web e sede electrónica municipal.

A presentación da solicitude será feita pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica titular do negocio.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido, será causa de inadmisión da solicitude. Así mesmo, será causa de inadmisión da solicitude a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, así como a falta de presentación da documentación esixida nestas bases, logo de requirimento de emenda da solicitude, sen que esta fora atendida no prazo concedido ao efecto.

4. A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

- DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención, e no seu caso da persoa representante.
- En caso de persoas xurídicas, ademais, escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro. No seu caso, contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

As persoas xurídicas tamén deberán aportar a escritura que acredite o poder para representar á persoa ou entidade en cuxo nome se presenta a solicitude. O poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

- No caso de que a solicitude de subvención sexa solicitada polas comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais estas deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



- Certificado actualizado de situación censal expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. que indique a actividade económica coa data de alta, o domicilio fiscal e, no seu caso, do local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución ou certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou Mutua profesional correspondente.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Informe actualizado da media de traballadores da empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Facturas que acrediten os gastos imputados a esta convocatoria de axudas e os xustificantes bancarios do pagamento correspondentes por importe igual ou superior á contía da subvención.
- Se o gasto subvencionado corresponde co aluguer do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.
- Xustificante da redución igual ou superior ó 50%, con relación á media do ano 2019. A baixada da facturación acreditarase con calquera das seguintes modalidades:
 - 1.—Estimación directa: mediante a declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais de IVE (modelos 303), declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020.
 - 2.—No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación deberá acreditarse coas copias, referidas ós períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro de rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación dos anos 2019 e 2020 e 2021.
- Certificado de titularidade do número de conta bancaria na que se deba facer o ingreso da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

OITAVA.- INSTRUCCIÓN E PROCEDIMENTO.

1. Poderán concederse subvencións, ata o límite do crédito orzamentario afectado pola convocatoria, en atención a mera concorrencia de cumprir cos requisitos de ser beneficiario, sen que sexa necesario establecer en tales casos a comparación das solicitudes nin a prelación entre as mesmas.

2. Se a solicitude non cumpre cos requisitos establecidos na presente norma reguladora da convocatoria, o órgano instrutor encargado da tramitación do expediente requirirá ó interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que, de non facelo, teráselle por desistido da súa solicitude.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

3. A instrución do procedemento corresponderalle á axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Fornelos de Montes, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución e pagamento, comprendendo as actividades descritas no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A axente de emprego e desenvolvemento local de Fornelos de Montes, realizará unha avaliación das solicitudes na que verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario, requirindo, no seu caso, ós solicitantes a emenda das mesmas nos termos establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos, elevará proposta de resolución de concesión e pago, ou de denegación no seu caso, debidamente motivada.

Posteriormente, a proposta pasará á Secretaría-Intervención do Concello, para que proceda a fiscalizar o expediente, de acordo co Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A concesión das subvencións realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de acordo coas presentes bases e convocatoria.

NOVENA.- RESOLUCIÓN.

1. A Xunta de Goberno local resolverá o expediente de concesión das subvencións de acordo coas presentes bases da convocatoria. A resolución de concesión indicará a relación de solicitantes ós que se concede a subvención, a súa contía individual, así como as denegadas co seu motivo.

A resolución ditarase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita pola persoa ou entidade que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2. Conforme ó artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o acordo de concesión das subvencións será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

O acordo de concesión das subvencións será igualmente notificado ós beneficiarios así como ós solicitantes ós que se tivera denegado a axuda.

DÉCIMA.- FORMA DE PAGO E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un pago único, previa comprobación de que a documentación xustificativa presentada é a correcta de conformidade co obxecto da subvención, e tendo en conta que esta xa deberá formar parte da documentación que acompaña á solicitude.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

O pagamento destas subvencións realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución definitiva de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

DÉCIMOPRIMEIRA.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

1.—Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade aos gastos admitidos nestas bases.

2.—Cooperar coa Administración en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

3.—Someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan realizar o Concello ou outros órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.—Someterse ao control financeiro que poidan realizar o Concello ou a Deputación Provincial, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5.— Comunicar ao Concello de Fornelos de Montes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

6.—Comunicar ao Concello de Fornelos de Montes calquera modificación das condicións tidas en conta para a obtención da axuda. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

7.—Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

8.—Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

9.—Gardar e custodiar durante seis anos as facturas e documentos xustificativos orixinais que se presentan coma xustificantes deste subvención.

10.—Os beneficiarios quedarán obrigados a publicitar esta axuda coa instalación do letreiro que se recolle no anexo II nun lugar visible no seu local comercial. O mesmo deberá estar exposto dende a concesión da subvención e polo período dun ano. O cartel incluirá os logos do Concello e da Diputación Provincial de Pontevedra para dar publicidade do financiamento.

11.—Consentir o tratamento dos datos e a súa publicación.

12.—Permanecer en alta no réxime da Seguridade Social, por un mínimo de 6 meses dende a concesión desta subvención.

O Concello de Fornelos de Montes poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

DECIMOSEGUNDA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS.

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade pública ou privada, autonómica, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar a minoración de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus.

DECIMOTERCEIRA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

No caso de incumprimento das obrigas detalladas nesta convocatoria, o órgano xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

Procederá a revogación das subvencións reguladas nas presentes bases, así como o reintegro total ou parcial do importe percibido, de acordo co disposto no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Título III do seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

DECIMOCUARTA.- COMPROBACIÓN E CONTROL FINANCEIRO.

As actuacións subvencionadas estarán suxeitas á verificación e control financeiro en calquera fase da súa execución por parte do Concello. A persoa ou entidade beneficiaria debe facilitar o acceso ó lugar da acción e aportar canta documentación lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.

O control financeiro terá como obxectivo verificar a correcta obtención dos fondos, o cumprimento das obrigas na aplicación dos fondos recibidos e a correcta xustificación da subvención.

DECIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

En ningún caso os referidos datos persoais serán obxecto de cesión a terceiras partes, se non é co consentimento inequívoco da persoa afectada, ou nos supostos previstos na normativa antes indicada. En cumprimento do disposto na citada normativa, a persoa interesada poderá exercer ante o responsable do tratamento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (“dereito de olvido”), limitación do tratamento, a portabilidade dos seus datos, e a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado, incluída a elaboración de perfíles, que produza efectos xurídicos nel ou lle afecte significativamente de modo semellante, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico oficinas@fornelos.com.

De igual xeito poderá revogar o consentimento prestado en calquera momento. Tamén disporá do dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, a Axencia Española de Protección de Datos, c/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DECIMOSEXTA.- RECURSOS E IMPUGNACIÓNS.

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe a interposición de recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso administrativa. Poderase formular, así mesmo, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditase a resolución impugnada, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DECIMOSÉPTIMA.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR.

En todo caso, estarase ó disposto con carácter xeral no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN FINAL

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras. Para os supostos non previstos nas presentes bases serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Fornelos de Montes para o ano 2021, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

En Fornelos de Montes, a 22 de novembro de 2021.

O alcalde

Emiliano Lage Rodríguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:CLW5JRWU4LMMW1FX1



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS DIRIXIDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN
PANDÉMICA DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES.

DATOS DO SOLICITANTE		
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL		DNI/NIF
ENDEREZO		MUNICIPIO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

E NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)	
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL	DNI/NIF

DATOS DA NOTIFICACIÓN	
Medio de notificación persoa física <input type="checkbox"/> Notificación en papel <input type="checkbox"/> Notificación electrónica	
Medio de notificación persoa xurídica <input type="checkbox"/> Notificación electrónica	
CORREO ELECTRÓNICO (para recibir o aviso de notificación na sede electrónica)	

DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL
NOME COMERCIAL
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ECONÓMICA
DOMICILIO DA ACTIVIDADE
NÚMERO DE TRABALLADORES

A persoa ou entidade solicitante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
- Que a persoa física ou xurídica solicitante exerce unha actividade económica no municipio de Fornelos de Montes, a cal (*marcar a opción que proceda*):
 - Cesou á súa actividade como consecuencia das medidas de prevención do COVID-19.
 - Mantivo a actividade e sufriu no período subvencionable unha redución na súa facturación superior ao 50% respecto da súa facturación media no exercicio 2019.
- Que cumpre os requisitos para a obtención de subvencións previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e non está incurso en ningunha das circunstancias que prohiben obter a condición de beneficiaria segundo o establecido nestas bases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CLW5JRWU4LMMWFX1



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

En particular, que está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Administración tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Deputación Provincial de Pontevedra, co Concello de Fornelos de Montes e coa Seguridade Social (TXSS), así como no pago das obrigas por reintegro de subvencións, e que se compromete a manter o cumprimento de todas estas obrigas durante o período de tempo inherente ó recoñecemento ou exercicio do dereito ó cobro da subvención, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano instructor e o concedente da subvención.

- Que se compromete ao cumprimento das obrigas que como beneficiario da subvención establecen as bases reguladoras, e en particular, ao sometemento ás actuacións de control financeiro que poida acordar o Concello.
- Que asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas (*marcar a opción que proceda*):
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - Sí solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que se relacionan a continuación:

ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

SOLICITA a:

Concesión dunha subvención dentro da convocatoria regulada nas presentes bases do Concello de Fornelos de Montes, de acordo co establecido na base terceira.

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE (*marcar a documentación que se achega*):

- DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa solicitante da subvención
- DNI ou documento identificador, válido no territorio nacional, da persoa representante.
- En caso de persoas xurídicas:
 - Escritura de constitución e os estatutos da persoa xurídica actualizados, inscritos no correspondente Rexistro. No seu caso, contrato de constitución da sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.
 - Escritura que acredite o poder para representar á persoa ou entidade en cuxo nome se presenta a solicitude. O poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.
- No caso de que a solicitude de subvención sexa solicitada polas comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica legalmente constituídas que leven a cabo as actividades empresariais estas deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:CLW5JRWU4LMMWIFX1



Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

- Certificado actualizado de situación censal expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Resolución ou certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou Mutua profesional correspondente.
- Informe actualizado de Vida Laboral da Empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Informe actualizado da media de traballadores da empresa expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Facturas que acrediten os gastos imputados a esta convocatoria de axudas e os xustificantes bancarios do pagamento correspondentes por importe igual ou superior á contía da subvención.
- Se o gasto subvencionado corresponde co aluguer do local, deberá presentarse contrato do arrendamento en vigor do local comercial onde se desenvolva a actividade ou documento asinado por arrendador e arrendatario que indiquen que o contrato esta en vigor.
- Xustificante da redución igual ou superior ó 50%, con relación á media do ano 2019. A baixada da facturación acreditarase con calquera das seguintes modalidades:
 1. Estimación directa: mediante a declaración de IVE anual (modelo 390) dos anos 2019 e 2020 ou declaracións trimestrais de IVE (modelos 303), declaración trimestral do IRPF (modelo 130) do IV trimestre do ano 2019 co IV trimestre do ano 2020.
 2. No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos, a diminución de facturación deberá acreditarse coas copias, referidas ós períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro de rexistro de vendas e ingresos, ou o libro de compras e gastos, ou calquera outra forma admitida en dereito para acreditar a diminución na facturación dos anos 2019 e 2020 e 2021.
- Certificado de titularidade do número de conta bancaria na que se deba facer o ingreso da subvención e cuxo titular sexa o mesmo solicitante.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS: De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os seus datos serán tratados de maneira confidencial. Poderán ser incorporados ós ficheiros do Concello de Fornelos de Montes relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para a xestións municipais derivados dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Fornelos de Montes.

Fornelos de Montes, ____ de _____ de 202__

Asdo.: _____
(O SOLICITANTE OU REPRESENTANTE)**SRA. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES**

Martes, 7 de decembro de 2021

Núm. 236

ANEXO II
MODELO DE CARTEL



CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES



PLAN CONCELLOS
2021

ESTE ESTABLECEMENTO É BENEFICIARIO DAS AXUDAS A SECTORES ECONÓMICOS AFECTADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 NO ÁMBITO DO MUNICIPIO DE FORNELOS DE MONTES, FINANCIADAS CO PLAN CONCELLOS 2021 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

Tamaño (DIN A4)

